

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de outubro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Lucía Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dúas hora e corentae minutos do día trinta de outubro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1512).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de setembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1513).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 287/2006 INTERPOSTO POR D^a. JOSEFA FOLLA DEL POZO CONTRA RESOLUCIÓN ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo de data 29.09.06, dictada no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada por Victoria Barros Estévez, en nome e representaicón de Josefa Folla del Pozo, contra a resolución de 27.03.06 da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, pola que estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora se lle reconeceu unha indemnización de 122,91 euros a cargo da empresa concesionaria do servizo municipal de augas, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

3(1514).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 319/2006 INTERPOSTO POR Dª MARIA DOLORES GONZÁLEZ ALONSO EN RELACIÓN CON EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza, de data 29.09.06, dictad polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda formulada polo letrado D. Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de María Dolores González Alonso, contra a resolución do Tesoureiro de 17 de abril de 2006 poal que se desestimou o recurso de reposición contra a providencia de contrinximento en relación co expediente sancionador 10501029413, por falla de agotamento da vía administrativa previa, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tesourería e Tráfico e Seguridade.

4(1515).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 318/2006 INTERPOSTO POR D. ANGEL MANZANO GONZÁLEZ EN RELACIÓN CON EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 29.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda formulada polo letrado D. Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Angel Manzano González, contra a resolución do tesoureiro de 26 de maio de 2006, pola que se desestima o recurso de reposición interposto polo actor contra a providencia de constrinximento por falla de agotamento da vía administrativa previa, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tesourería e Tráfico e Seguridade.

5(1516).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 313/2006 INTERPOSTO POR D. RICARDO VÁZQUEZ RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 29.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada polo letrado D. Saul Vidal Henández en nome e representación de Ricardo Vázquez Rodríguez contra a desestimación

presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo actor pola retirada do seu vehículo da vía pública, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tesourería, Tráfico e Seguridade, Patrimonio e á Xefatura da Policía Local.

6(1517).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/97, 3/0101/301, 3/936/301, 3/1426/301, 12/1448,1/1787, 22/1921, 22/1916, 1/1571, 12/1563, 12/1452, 1/1655.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no Fogar ás persoas que de seguido se relacionan:

- D^a. Mercedes Iglesias López. Expte. 12/97
- D^a. María Dios Vidal. Expte. 3/0101/301.
- D. José Carlos Rodríguez Gregorio-Espino. Expte. 3/936/301.
- D. Apolinar Iglesias Posada. Expte. 3/1426/301.
- D. Vicente Fernández Oya. Expte. 12/1448.
- D^a. Esmeralda Uruburu Riveiro. Expte. 01/1787.
- D^a. Marina Liboreiro Liboreiro. Expte. 22/1921.
- D. Nicolás Moure Pereiro. Expte. 22/1916.
- D. José Maestre Fernández. Expte. 1/1571.
- D. Fernando Puche Casal. Expte. 12/1563.
- D^a. Corina Ferreira Vieira. Expte. 12/1452.
- D^a. Genoveva García Rodríguez. Expte. 01/1655.

7(1518).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á IGREXA CRISTIANA EVANXÉLICA CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DUN FESTIVAL DE ARTES CRISTIANAS (FESTIGAL). EXPTE. 72705/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 20.10.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se proceda a devolución da fianza constituída en data 07 de setembro de 2006 pola IGREXA CRISTIANA EVANXÉLICA con NIF Q3600176F, por un importe de 3.000 euros para responder dos posibles danos con motivo da celebración DUN FESTIVAL DE ARTES CRISTIANAS (FESTIGAL) os días 06,07 e 08 de outubro de 2006 no aparcadoiro de Samil, por non producirse ningún dano.

8(1519).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CAIXANOVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1063/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica do 13.09.06, o informe de Intervención Xeral do 9.10.06 e de acordo cos informes-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 3.08.06 e 15.09.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Caixanova para a xestión da acción 1 “Oficina do proxecto” do proxecto “Vigo dixital”.

2º.- Facultar á Delegada do goberno da Área de Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto de 130.000,00 € que repartiranse do seguinte xeito:

- 80.000,00€ con cargo á partida 4631 2270611 de Participación Cidadá dos vixentes orzamentos.
- 50.000,00 € con cargo á partida 4631 2270611 de Participación Cidadá dos orzamentos de 2007.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CAIXANOVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello, o día de de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, en representación do Excmo. Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Vigo, Praza do Rei nº1.

Doutra parte, D. Guillermo Brea Vila, como Apoderado e en representación da Fundación Caixanova (CIF G-36.930.972), con enderezo na r/Policarpo Sanz, 26, Vigo, c.p. 36202.

Actuando ámbalas dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio,

EXPOÑEN

1.- Que o Concello de Vigo ten asinado un convenio coa Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Dixital”, dentro do programa europeo nomeado “Cidades Dixitais”. Este programa ten como obxectivo a incorporación efectiva da cidadanía á sociedade da información e, no caso particular deste proxecto, propiciar un marco que favoreza o desenvolvemento dunha iniciativa estratéxica novidosa cara aos nenos e nenas hospitalizados, que lles permita mediante o uso intensivo das novas tecnoloxías da comunicación, mellorar o seguimento da súa formación.

2.- No marco deste proxecto, trátase de desenvolver unha verdadeira rede de aprendizaxe na que participan os tres ámbitos que forman parte da vida destes nenos: escolas, hospitais e fogares

Este proxecto unha vez rematado poderá servir para inducir, propiciar e orientar outras iniciativas no resto da Comunidade Autónoma de Galicia e de España, e que a cidadanía, empresas e institucións se beneficien da aplicación das novas tecnoloxías en todos os ámbitos sociais e económicos, comprobando nunha situación real as ventaxas da sociedade da información, mediante a utilización de servizos avanzados de telecomunicacións.

3.- A “Fundación Caixanova” é una organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Está inscrita no Rexistro Único de fundacións de interese galego, ten personalidade xurídica propia e independente dos seus patróns fundadores, podendo realizar aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foi creada.

4.- A Fundación Caixanova ten por obxecto ó impulso, xestión e desenvolvemento daquelas actuacións culturais, cívicas, didácticas e educativas, científicas, socio-económicas, y demás análogas de interese xeral que, a iniciativa propia ou a proposta doutras institucións, fundacións ou organismos, estime necesarios ou convintes para ó desenvolvemento socio cultural e económico de Galicia. Entre as actividades incluídas a levar a cabo pola Fundación Caixanova, destacamos, no marco do presente proxecto, os seguintes obxectivos na súa labor:

- a potenciación dos sectores produtivos galegos e a creación de emprego.
- a profundización no coñecemento da economía e empresas galegas, para facilitar a toma de decisións estratéxicas,
- a incentivación da cultura da transmisión do coñecemento para incrementar a capacidade de coordinación e xeración de sinerxias na empresa galega,
- a introdución ao aproveitamento das novas tecnoloxías como factor competitivo.

5.- O Concello de Vigo e a Fundación Caixanova son conscientes do reto que supón a incorporación efectiva da cidadanía á Sociedade da Información e, nese sentido, desexan propiciar o establecemento dunha iniciativa estratéxica que favoreza a consecución destes obxectivos dunha forma rápida e eficaz.

6.- Desde o Concello de Vigo valórase que a combinación das capacidades de ámbalas dúas institucións pode constituírse como unha garantía de éxito no desenvolvemento eficaz do proxecto nomeado de “Vigo Dixital”. Neste senso, en función das capacidades amosadas pola Fundación Caixanova e polo grupo institucional na que esta Fundación está incluída, considérase desde o Concello que resultaría positivo para o proxecto “Vigo Dixital” que a actuación nomeada “Oficina do proxecto” fora executada pola Fundación Caixanova.

7.- A Fundación Caixanova considera que o desenvolvemento da nomeada actuación está en liña cos fins e misións que ten encomendadas, polo que acepta a encomenda e invitación cursada desde o Concello de Vigo.

8.- No marco de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Caixanova, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de continuar con esta colaboración, xa plasmada en anteriores proxectos e convenios de colaboración específicos, de interese para o conxunto dos cidadáns desta cidade.

Para a concreción da colaboración que este convenio establece, as partes asinantes acordan establecer as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto:

O obxecto do convenio é o desenvolvemento conxunto entre o Concello de Vigo e a Fundación Caixanova da actuación 1 “Oficina do proxecto” contemplada no proxecto nomeado “VIGO DIXITAL”. Este proxecto ten como obxectivo o impulsar a implantación da sociedade da información no Concello de Vigo e, moi especialmente, realizar unha proposta educativa baseada na creación dun espazo virtual de interacción e aprendizaxe destinada a ofrecer unha alternativa pedagóxica ós nenos e nenas que, por problemas de saúde se ven obrigados a abandonar as súas aulas escolares durante algún tempo, impedindo con elo o desenvolvemento dun proceso de escolarización continuo.

SEGUNDA: Dirección, xestión e execución do proxecto.

A dirección e a execución do proxecto corresponderá a Concellería da Área de Participación Cidadá. A xestión da acción 1 “Oficina do proxecto” corresponderá a Fundación Caixanova e poderá contar cos servizos de consultora e asistencia técnica das empresas, asociacións ou fundacións que estimen necesarios. A Fundación Caixanova emitirá un informe cada 2 meses á Concellería da Área de Participación Cidadá sobre a evolución do proxecto. Os gastos de consultora, asistencia técnica ou outros gastos correspondentes da xestión do proxecto serán imputables a esta.

TERCEIRA: Contratos, convenios e outros acordos para a execución do proxecto.

O Concello de Vigo e A Fundación Caixanova, establecerán os contratos, convenios, acordos, etc. necesarios para a execución do proxecto. Tódolos contratos contidos neste convenio cumprirán os requisitos, tanto de elixibilidade como de utilización, incluídos na normativa da UE sobre requisitos, tales como o marco estratéxico de desenvolvemento de infraestruturas, a idoneidade das zonas xeográficas elixidas, a

neutralidade tecnolóxica e o acceso aberto á utilización das infraestruturas e equipamentos, tanto para os operadores como para os provedores de servizos. Por outra parte, para o desenvolvemento do proxecto poderanse producir adhesións de empresas e entidades colaboradoras que vaian participando e que lle acheguen ao proxecto diferentes recursos que aseguren o seu bo desenvolvemento.

CUARTA: Orzamento do proxecto.

O orzamento da acción 1 “Oficina do proxecto” ascende a CIENTO TRINTA MIL EUROS (130.000,00 €) e irán con cargo á aplicación orzamentaria “Proxecto Vigo Dixital” 4631.2270611, dos orzamentos da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, e procederán de fondos propios da área ou dos fondos xerados nos seus orzamentos provenientes da Xunta de Galicia. A Fundación realizará certificacións parciais que remitirá ao Concello de Vigo, xustificando as accións realizadas ata acadar o 100% do presuposto e tal como se detallan:

Ano 2006:	30.000,00 €
Ano 2007:	50.000,00 €
Ano 2008:	50.000,00 €

QUINTA: Contido do proxecto.

A oficina técnica dos proxectos colaborará na dirección do proxecto “Vigo Dixital” baixo a supervisión do Xefe de Participación e Atención Cidadá que ten encomendada a xestión do proxecto por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de decembro de 2005, realizando:

- Achega dos recursos técnicos e metodolóxicos necesarios.
- Supervisión e control dos traballos.
- Asegurar a consecución dos obxectivos de custos, calidade e prazos.
- Presentación dos produtos obtidos.

Estas actividades realizaranse baseadas nas actuacións do proxecto que se indican no anexo, axustándose ás directrices das políticas e plans do Concello de Vigo en relación coa Sociedade da Información.

SEXTA: Descrición dos traballos

Desde o punto de vista global, deberase establecer un detalle cronolóxico do proxecto, no que conforme á planificación das actuacións recollidas no convenio, se detallan as tarefas e produtos necesarios. Como traballos a planificar e desenvolver contemplárase, cando menos, as seguintes:

- Estudio/Elaboración do modelo de xestión
- Elaboración do Plan de Calidade
- Elaboración do Plan de métricas
- Implantación do sistema de calidade
- Control e seguimento dos procesos de calidade
- Control e seguimento global do proxecto “Vigo Dixital”, tanto desde o punto de vista técnico como económico.
- Elaboración de informes periódicos, técnicos e económicos, de evolución, perspectivas e cumprimento dos obxectivos do proxecto.
- Mellora continua.
- Auditoría xeral do proxecto.

Cada unha das actuacións indicadas no anexo desenvolverase mediante un ou máis proxectos específicos que será preciso deseñar, planificar, coordinar e supervisar. Para cada un destes proxectos deberán realizarse as seguintes funcións:

- Deseñar e obter a validación por parte do responsable do proxecto, dos procedementos e técnicas de xestión a aplicar.
- Redactar o proxecto técnico de execución.
- Xerar os documentos asociados ao proxecto, incluíndo, ademais dos de definición, seguimento e control, as propostas de pregos de cláusulas técnicas e administrativas para concursos, de textos de convenios, de certificacións e demais documentación precisa.

- Definir e controlar a calidade necesaria dos produtos definidos.
- Asegurar o uso da metodoloxía e estándares da organización.
- Supervisar e tutorizar as decisións e implementacións tecnolóxicas que se deriven.
- Coordinar a organización.
- Monitorizar o avance do proxecto e o cumprimento dos acordos ou contratos.
- Identificar a tempo os posibles desvíos en custes e prazos, asegurando que se establezan as accións correctoras oportunas.
- Identificar e propoñer melloras nos sistemas definidos, asegurando o proceso de mellora continua.
- Facilitar a xestión de cambios, asegurando que os cambios aprobados incorpóranse nas planificacións e que todos os afectados sexan informados.
- Formar parte, na medida que se defina, dos grupos de control e seguimento do proxecto.
- Entregar á dirección toda a documentación producida e utilizada, de acordo coa metodoloxía definida para a elaboración dos traballos.

O conxunto das actuacións descritas nesta cláusula constitúen o obxecto deste convenio. As actuacións circunscribíranse ao Concello de Vigo, excepto naqueles aspectos que pola súa natureza non poidan limitarse á devandita área. Non se poderán incluír como gastos imputables ao proxecto os custos de compra ou edificación de inmobles, adecuación, restauración, reformas, etc..., o alugamento destes, os custos de mobiliario, utensilios e instalacións (agás os de telecomunicacións), nin os gastos xerais de mantemento e operación (limpeza, electricidade, etc...).

SÉTIMA: Información, documentación e revisión das actividades

O servizo de Participación Cidadá da Concellería da Área de Participación Cidadá, poderá requirir en determinadas actuacións do proxecto e en calquera das fases deste (posta en marcha, definición do prego de especificacións, convocatoria de concurso, adxudicacións, contratacións, convenios, acordos, seguimento e recepción de obra, etc.) toda a información e documentación elaborada sobre o tema, así como a revisión das actividades previstas ou en execución relacionadas con este.

O Concello de Vigo subministrará a información e documentación indicada e proporcionarán canto sexa necesario para a revisión das ditas actividades. Cando se produza algún feito de consideración que poida afectar o cumprimento do calendario das achegas ou a execución prevista do proxecto, as partes comunicaranllo ao servizo de Participación Cidadá, para a súa análise na Comisión Mixta de Control e Seguimento.

OITAVA: Disponibilidade dos resultados do proxecto como demostradores, para a súa difusión

O contido deste convenio poderá ser utilizado para outras iniciativas, proxectos e convenios, do programa Cidades Dixitais. O Concello de Vigo e a Fundación Caixanova comprométese a poñer á disposición das persoas e entidades interesadas as realizacións e resultados conseguidos polo proxecto, dado o obxectivo básico de acadar a máxima difusión das devanditas realizacións e resultados.

NOVENA: Utilización dos desenvolvementos de deseño específico no proxecto

Co obxecto de incentivar a súa expansión e implantación, en xeral, tratarase de que os desenvolvementos e aplicacións que se realicen especificamente para este proxecto poidan ser utilizados sen custo adicional en calquera outro concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMA: Referencia á Xunta de Galicia, ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión da Unión Europea

A Fundación Caixanova e o Concello da Vigo citarán a Xunta de Galicia, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comisión da Unión Europea (programa operativo para a sociedade da información 2000-2006, financiado por FEDER), como administracións que cofinanciaron este proxecto, en todas as referencias ás actividades e resultados deste. Isto suporá unha referencia ao cofinanciamento da Unión Europea, ao contido das actuacións conxuntas e ó papel da Unión Europea na aplicación de seus fondos.

DÉCIMO PRIMEIRA: Comisión Mixta de Control e Seguimento

Co fin de asegurar un adecuado control e seguimento do obxecto e contido do presente convenio e da súa execución e financiamento, establécese unha Comisión Mixta de Control e Seguimento, que terá como funcións:

- a) Realizar a supervisión e seguimento dos traballos e accións contemplados no presente convenio, e o seu financiamento.
- b) Interpretar o contido do presente convenio e a súa aplicación.
- c) Calquera outra que se encamiñe ao cumprimento deste convenio ou ao seu desenvolvemento, conforme aos intereses das partes.

A Comisión Mixta de Control e Seguimento estará composta polos seguintes membros:

- A Delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, que presidirá a comisión en representación da Excm. Sra. Alcaldesa.
- O director do proxecto nomeado pola Xunta de Goberno Local.
- O Presidente da Fundación Caixanova ou persoa en que delegue.
- Un representante da Fundación Caixanova.

O secretario da Comisión Mixta, con voz pero sen voto, será un funcionario ou funcionaria da Área de Participación Cidadá. A comisión poderá solicitar a asistencia, en calidade de invitados, de representantes doutras entidades participantes. A Comisión Mixta reunirse coa periodicidade que esta determine e, como mínimo, dúas veces ao ano. A Comisión Mixta aprobará, se é o caso, aquelas modificacións do proxecto que se susciten na súa execución. En ningún caso estas modificacións suporán a variación do importe da achega total do Concello de Vigo, expresada no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA: Entrada en vigor e duración

O presente convenio comezará a producir efectos a partir da data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2008. No caso de que se considere convinte, e de mutuo acordo, valorarase no seu momento a posibilidade de prorrogar este acordo cunha antelación mínima de tres meses sobre a data de finalización da vixencia do convenio, e por un período máximo de dous anos. A devandita prórroga deberá ser expresa e determinará as contías que sexan necesarias para darlle cumprimento aos obxectivos deste convenio de colaboración. Para a aprobación desta, cumpríranse os mesmos trámites formais e procedementais que se levan a cabo para a subscripción deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA: Réxime xurídico e cuestións litixiosas

O presente convenio de colaboración é de carácter administrativo e considérase incluído no artigo 3.1. d) do R.d.l. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios do dito R.D.L. para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

DÉCIMO CUARTA: Causas de resolución e efectos desta

O presente convenio poderá resolverse por mutuo acordo das partes asinantes ou por decisión unilateral cando existan causas excepcionais e xustificadas que obstaculicen ou impidan o cumprimento das estipulacións que constitúen o seu contido, logo da denuncia en forma fidedigna cun prazo dun mes. No suposto de extinción do convenio polas causas indicadas anteriormente ou por outras causas distintas á expiración do prazo de vixencia, procederase á liquidación económica e administrativa das obrigas contraídas ata ese momento sobre as bases indicadas na cláusula segunda.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio, por cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

9(1520).- SEGUNDA PRÓRROGA DA CESIÓN EN USO DOS LOCAIS DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS A FAVOR DE ASOCIACIÓN LEGAIS, ASOCIACIÓN DE

COMERCIANTES Y HOSTELEROS DE VIGO VELLO E REDE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS. EXPTE. 3088/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 18.10.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder ás asociacións Legais, CIF G-36852986 ,”Asociación de Comerciantes y Hosteleros VigoVello”, CIF G-36909232 , a segunda prórroga por un ano e con efectos dende o día 07.05.06, a cesión en uso dos locais identificados como “D” e “F”, xunto cos seus bens mobles, sito no Viveiro de Asociacións do Centro Cívico do Barrio Histórico.

2º.- Conceder á asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo”, CIF: 36928646, a segunda prórroga por un ano e con efectos dende o día 07.09.06, a cesión en uso do local identificado como “C”, xunto cos seus bens mobles, sito no Viveiro de Asociación do Centro Cívico do Barrio Histórico.

3º.- Xirar respectivamente as entidades, a liquidación das cotas anuais de coparticipación nos gastos correntes do inmovible polo importe de 888 €, 1.279 € e 1.502 €.

10(1521).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DE PUNTOS DE LUZ POR OUTROS DE MENOR CONSUMO E MAIOR EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DE VIGO. EXPTE. 11721/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 10.10.06, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 120.000 euros para a prestación dos servizos de substitución de puntos de luz por outros de menor consumo e maior eficiencia enerxética nas instalacións de alumeado público de Vigo que se imputarán á partida presupuestaria 4324.213.00.01 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) na versión de data 28.09.2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de substitución de puntos de luz por outros de menor consumo e maior eficiencia enerxética nas instalacións de alumeado público de Vigo.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

11(1522).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 2122/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 7.09.06, conformado polo concelleiro da Área de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 195.352,15 euros euros para a prestación dos servizos de contratación do servizo de vixilancia do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" que se imputarán á partida presupuestaria 4513.227.01.01 do vixente presuposto e o dos anos 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de vixilancia do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León".

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

12(1523).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN TELEFÓNICA DO TELÉFONO 010 NOS MESES DE NOVIEMBRE E DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 1088/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 19.10.06, conformado pola delegada de Atención Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 22.500 euros euros para a prestación dos servizos de atención telefónica a través do teléfono 010 nos meses de novembro e decembro de 2006 que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270600 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 19/10/2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de atención telefónica a través do teléfono 010 nos meses de novembro e decembro de 2006.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

13(1524).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE 5 XARDINEIRAS DE PÉ, 47 ALCORQUES E 10 BALCONEIRAS PARA RÚAS COMERCIAIS- III FASE. EXPTE. 1979/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 11.10.06, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 29.712 euros euros para a execución da subministración e instalación de 5 xardineiras de pe, 47 alcorques e 10 balcaneiras para rúas comerciais-III fase que se imputarán á partida presupuestaria 622.0.601.00.00 do vixente presuposto.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) na versión de 11/10/2006 e o prego de prescripción técnicas para a subministración e instalación de 5 xardiñeiras de pe, 47 alcorques e 10 balconeras para rúas comerciais-III fase.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

14(1525).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TECNICA PARA A ELABORACIÓN DUN PROXECTO DE USOS E SERVIZOS A IMPLANTAR NA “CIDADE DO DEPORTE”. EXPTE. 6408/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 17.10.06, conformado concelleira do Área de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 30.000 euros para a prestación da asistencia técnica para a elaboración dun proxecto de usos e servizos a implantar na cidade do Deporte que se imputarán á partida presupuestaria 4521.227.06.06 ou a súa bolsa de vinculación do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 17-10-2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a elaboración dun proxecto de usos e servizos a implantar na cidade do Deporte.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

15(1526).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EDICIÓN DO MATERIAL PUBLICITARIO PROMOCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO E COMERCIO. EXPTE. 1894/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.10.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Canal Uno, S.L. o concurso para a edición do material publicitario promocional da Concellería de Turismo e Comercio. Expte. 1894-104 por un importe de 87.541,14 euros, todo iso de acordo co o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08.05.2006 e a oferta presentada.

16(1527).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE TRES VEHÍCULOS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 530/213.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 23.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Iturri, S.L. o concurso para a subministración de tres vehículos para o servizo de extinción de Bombeiros. Expte. 520/213 por un importe de 549.450 euros, que se desglosa da forma seguinte: 364.007,95 euros para o vehículo de rescate e salvamento, 112.539,95 euros para o

vehículo de rescate acuático e 72.902,10 para o vehículo todoterreo, todo iso de acordo co o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03.07.2006 e a oferta presentada.

17(1528).- AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN CAIXEIRO AUTOMÁTICO DO BANCO PASTOR NA LONXA DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 17832/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día para mellor estudio.

18(1529).- AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN CAIXEIRO AUTOMÁTICO DE CAIXA GALICIA NA LONXA DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 17828/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día para mellor estudio.

19(1530).- AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN CAIXEIRO AUTOMÁTICO DE CAIXANOVA NA LONXA DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 17827/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día para mellor estudio.

20(1531).- PROPOSTA PARA RECTIFICAR O INVENTARIO DE BENS INMÓBEIS E DAR DE ALTA O EDIFICIO RECTORADO E O EDIFICIO CAMBÓN. EXPTE. 17434 E 17839/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 2.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é propietario do edificio Cambón, adquirido mediante cesión gratuita da Xunta de Galicia, acordada por decreto 86/2004 de 25 de marzo da Consellería de Economía e Facenda da Comunidade Autónoma, e aceptada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de maio de 2004. Inscrito no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo no tomo 1461 folio 202 finca nº 6136-N inscrición 23ª a favor do Concello de Vigo.

A cesión do inmóbel, foi aceptada pola Xunta de Goberno Local, para sede da alcaldía e, de ser o caso, a dependencias doutros órganos de goberno do Concello de Vigo, resultando conseguintemente de natureza demanial e afecto ao servizo público municipal .

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local , en sesión de 3.07.2006 acordou dar de Alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epigrafe 1 Bens Inmóbeis, co nº de propiedade 1825, o edificio de nova construción na finca de titularidade municipal sita no nº 46 da rúa Areal de Vigo e inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 , no tomo 1180, folla 127, finca nº 5015-m, inscrición 6ª, de acordo coa seguinte descripción:

Nº Propiedade 1825: Edificio Anexo. URBANA: Edificio para oficinas, denominado “Anexo”, construído na parcela nº 46 da rúa Areal da cidade de Vigo, con fronte a rúa Oporto por onde ten acceso, consta de soto, baixo e seis plantas, ocupando unha superficie de 151 m2 en planta sobre rasante, para unha

superficie total construída de 1.271,64 m². Título: *Accesión*. Ano de construción: 2001 (Acta de Recepción de 11.04.2001) Clasificación xurídica: *Patrimonial*. Valoración: 1.320.000 €.

Así mesmo aprobou a segregación, polo vento Sur da parcela municipal sita no nº 46 da rúa Areal dunha superficie de 1.027,33 m² (se ben na actualidade e por recente medición ten 1.036 m²), de acordo co informe do topógrafo municipal de 02.06.2006 e plano anexo, a seguinte finca:

URBANA: Edificio para oficinas, denominado “Anexo”, sinalado co nº 3 da rúa Oporto da cidade de Vigo, á que da frente e por onde ten acceso, dunha superficie de 151 m² en planta sobre rasante, composto de soto, baixo e seis plantas, que xunto co terreo unido ao mesmo e destinado á uso público, forman todo unha soa finca de 224 m² de superficie, cos seguintes lindeiros:

Norte, en línea de 18,75 m. coa parcela nº 46 da rúa Areal da que se segrega ; Sur, en línea de 18,25 m co edificio nº 5 da rúa Oporto; Leste, en línea de 12,18 m co edificio nº 50 da rúa Areal; e Oeste, en línea de 12,18 coa rúa Oporto.

Polo Rexistrador da Propiedade nº Uno de Vigo, procedeuse a practicar a inscrición rexistral da edificación e segregación aprobada, dando lugar a parcela segregada á unha nova finca rexistral nº 79.787, no Tomo 1.406, folio 51, inscrición 1ª.

TERCEIRO.- Co fin de actualizar o Inventario Municipal de Bens e Dereitos, adecuando os seus asentos á nova realidade física e xurídica resultante dos acordos adoptados, procede a súa rectificación facendo constar co suficiente detalle os datos necesarios para a identificación das propiedades e reflectir a situación xurídica e destino ao uso á que se adiquen, consonte o disposto no art. 32.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

O efecto, tanto o inmóbel cedido como as parcelas resultantes da segregación feita, constan cos seus datos actualizados nas fichas de propiedade do Inventario Municipal anexas ao presente, e que sométense á aprobación do órgano de goberno competente.

CUARTO.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia na xestión do Patrimonio (art.127.1.f), do que darase conta ao Pleno da Corporación para seu coñecemento, de conformidade co disposto na Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, trala súa modificación por L 57/2003 de 16 de decembro,

Polo exposto, propóñese á Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, a adopción do seguinte acordo...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

“ 1.- Rectificar a propiedade nº 1825 do Epígrafe 1 Bens Inmóbeis do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, de acordo coa seguinte descripcón, resultando aprobada a súa Alta cos datos que constan na ficha de propiedade emitida pola Unidade de Patrimonio en data 2.10.2006:

URBANA: Edificio para oficinas, denominado “Anexo”, sinalado co nº 3 da rúa Oporto da cidade de Vigo, á que da frente e por onde ten acceso, dunha superficie de 151 m² en planta sobre rasante, composto de soto,

baixo e seis plantas, que xunto co terreo unido ao mesmo e destinado á uso público, forman todo unha soa finca de 224 m² de superficie, cos seguintes lindeiros: Norte, en línea de 18,75 m. coa parcela nº 46 da rúa Areal da que se segrega ; Sur, en línea de 18,25 m co edificio nº 5 da rúa

Oporto; Leste, en línea de 12,18 m co edificio nº 50 da rúa Areal; e Oeste, en línea de 12,18 coa rúa Oporto.

2.- Dar de Alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epigrafe 1 Bens Inmóbeis, a finca matriz (“Rectorado”) resultante da segregación autorizada, cos datos reflectidos na ficha de propiedade emitida pola Unidade de patrimonio o 2.10.2006:

C. PROPIEDAD	Nº 3.600.
DENOMINACIÓN	EDIFICIO RECTORADO
NATUREZA XURÍDICA	Servizo Público
SITUACIÓN	RUA AREAL Nº 46
LINDEIROS:	
	N: en línea 19 m coa Rúa Areal.
	S: en línea 18.75m co nº 3 Rúa Oporto.
	L: en línea quebrada coa zona de uso público ed. Nº48-50 r/Areal
	O: en línea 41.15 coa Rúa Oporto
SUPERFICIE PARCELA	812 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN	Compravenda
DATA ADQUISICIÓN	31 xullo 2000
VALORACIÓN	1.847.438,09 Euros.

3.- Dar de Alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epigrafe 1 Bens Inmóbeis, o edificio Cambon, cos datos reflectidos na ficha de propiedade emitida pola Unidade de patrimonio o 2.10.2006:

C. PROPIEDAD	Nº 3.660.
DENOMINACIÓN	EDIFICIO CAMBON
NATUREZA XURÍDICA	Servizo Público
SITUACIÓN	RUA PALMA Nº 4
LINDEIROS:	
	N: Rúa Oliva.
	S: Rúa Palma.
	L: Bernardo Rodriguez e outros.
	O: Travesía da Igresia.
SUPERFICIE	355.58 m2
Nº PLANTAS	3
TÍTULO ADQUISICIÓN	Cesión gratuita
DATA ADQUISICIÓN	22 setembro 2004
VALORACIÓN	761.540,00 Euros.

4.- Dar traslado do presente acordo ao vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento.”

21(1532).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de Negocido de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a CANAL UNO DE COMUNICACIÓN S.L.a fianza por importe de 8.000 € constituída para responder do desenvolvemento da campaña de información municipal “O Concello informa” xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) Devolver a DISTRIBUCIONES SEPORT S.L. a fianza de 12.000 € constituída praa responder da explotación da cafetería-restaurante do Verbum-Casa das Palabras, xa que o servizo foi prestado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

22(1533).- AMPLIACIÓN PRAZO DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe do Área de Contratación e Novos Proxectos, do 26.10.06, que di o seguinte:

Como consecuencia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en calidade de Órgano de contratación do Concello, o pasado 9 de outubro, polo que se dispoña que:

“Primero.- Aprobar o Proxecto Básico de construción do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo e do sólido capaz da edificación, conforme a documentación presentada pola UTE Portela-Idom na XMU o día 24 de xullo de 2006.

Segundo.- Aprobar o Proxecto Básico da Zona Complementaria de explotación comercial condicionado á presentación pola UTE Portela-Idom e a sociedade “Pazo de Congresos de Vigo,S.A.” da documentación complementaria que respete o contido íntegro dos informes emitidos polos Servizos Técnicos Municipais de Vías e Obras, de Limpeza, de Circulación Viaria e de Electromecánicos e do de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia M. de Urbanismo e a Memoria explicativa do alcance que poida supor a modificación dos usos previstos no equilibrio económico financeiro do contrato de concesión de obra pública.

Terceiro.- Requerir á UTE Portela-Idom e á sociedade “Pazo de Congresos de Vigo,S.A.” para que presenten conxuntamente coa documentación reformada da Zona Complementaria un Proxecto de Execución exclusivo da cimentación do conxunto arquitectónico.”

e, trala reunión mantida o día 16 do mesmo mes, coa finalidade de precisar o cronograma de actuacións que se derivaban do mesmo entre representantes da sociedade concesionaria, do equipo da Dirección facultativa das obras, dos Arquitectos redactores dos diferentes proxectos có Técnico que suscribe, á que asistiron nas súas conclusións o Interventor Xeral e o Secretario Xeral co obxecto de precisar que os prazos de presentación dos diferentes proxectos non interfirisen na correcta execución das obras de construción e permitisen á concesionaria executar as inversións precisas durante o exercicio do presente ano coa finalidade de presentar as oportunas Certificacións Técnicas ante a CPTOPT para o seu abono ó Concello en virtude do Convenio de financiación das aportacións das Administracións Públicas de 5 de agosto de 2004, polo Director Técnico do Pazo de Congresos de Vigo, S.A. presentase escrito cuxo contido axustase ás conclusións adoptadas na citada reunión, é dicir, non interfere nos prazos de execución da obra e permite obter a parte correspondente das aportacións públicas ó contrato da CPTOPT.

Propónse a presentación do proxecto de execución do conxunto nas tres fases seguintes:

I.- Cimentación e desvío de instalacións o 15/11/06

II.- Auditorio – Pazo de Congressos o 30/01/07 e,

III.- Zona complementaria de explotación comercial

A proposta dende o punto de vista estritamente xurídico, respecta o contido do prego, ó non haber sido o prazo de presentación dos proxectos obxecto de criterio de valoración do concurso e se xustifica en que a oferta propuña uns usos complementarios diferentes os contemplados no Anteproxecto aprobado polo Concello o que complica, considerablemente, a redacción do proxecto de execución da totalidade do conxunto arquitectónico, xa que os documentos contractuais, entre eles o proxecto de execución da denominada zona complementaria, esixen que éste conteña a perfecta definición dos seus usos comerciais.

A única observación ou aclaración que debe realizarse coa finalidade de non desvirtuar os pregos reguladores do Concurso é que o proxecto de execución da denominada parte pública, é dicir, do Auditorio – Pazo de Congressos, incluía as determinacións precisas das instalacións comunas có resto dos usos complementarios.

En consecuencia, propónse á XGL, en calidade de Órgano de Contratación do Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Autorizar á entidade “Pazo de Congressos de Vigo, S.A.” a presentación do Proxecto de Execución do conxunto arquitectónico da obra pública denominada “Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo con zonas complementarias de explotación comercial” nas tres fases propostas coa observación de que na fase II, que corresponde a súa parte pública, incluíránse as determinacións precisas das instalacións comunas co resto dos usos complementarios.

Segundo.- Informar á solicitante que o presente Acordo é complementario do adoptado por ésta XGL o 9 de outubro de 2006 polo que deberán cumprimentar a documentación prevista no apartado segundo do mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1534).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA MONITORAXE EN CESTERÍA DENTRO DO PROGRAMA FORMATIVO DE A CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3549/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 6.10.06, conformado polo concelleiro-delegado e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar disposición de crédito por importe de 495,83 euros na partida 4531.227.06.01 (ou bolsa de vinculación), en concepto de revisión de prezos do contrato de Dña. Mª Jesús Barreiro García como monitor de cestería de madeira aberta e colmo, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagarán o incremento do IPC no período xullo 2005 – xullo 2006, para facturación agosto 2006 – xullo 2007.

24(1535).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVICIOS. EXPTE. 16692/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, de 26.10.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 2.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 4.692,36 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, OSPIO, Seguridade, Educación, Vias e Obras, Estatística, Benestar Social, Cemiterios, Sanidade e Museo Quiñones de León, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
4420	Limpieza	480,93
5110	Vias e Obras e OSPIO	2.221,16
2220	Seguridade	485,64
4220	Educacion	214,32
3130	Bienestar Social	53,01
4430	Cemiterios	322,05
4130	Sanidade	769,33
5510	Estatística	47,88
4513	Museo Quiñones de León	98,04
	TOTAL	4.692,36

25(1536).- NOMEAMENTO DO PRESIDENTE DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE 3 AXUDANTES DE OFICIO. EXPTE. 16733/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 23.10.06, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 21 de agosto de 2006, adoptou acordo aprobando a convocatoria para a contratación interina, en réxime laboral e oposición libre, de tres prazas de axudante de oficios, vacantes no cadro de persoal do concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base VI.- Tribunal, o presidente será designado pola Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, entre os membros da Corporación ou entre o persoal ó servizo da administración pública (arts. 127.h) e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril RBRL, en redacción dada pola Lei 7/2003, do 16 de decembro).

Seguindo instrucción da Alcaldía-Presidencia, sométese a probación da Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta:

“Designar presidenta do tribunal para a selección interina, en réxime laboral, de tres axudantes de oficios na concelleira-delegada de barrios e parroquias, D^a Soledad Polo Lima e suplente ó concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, D. Ignacio López Chaves.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1537).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A DOUS OFICIAIS CONDUCTORES ADSCRITO Á ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2006. EXPTE. 16720/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, de data 24.10.06, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 23.10.06, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcadía, figuran dous postos de conductor da Alcadía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcadía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

A xefa do Gabinete da Alcadía, a través de escrito de data 13 de outubro de 2006, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Comisión de Goberno en función das horas traballadas.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local, excepto para os funcionarios dos grupos A e B, que foi expresamente delegada no Pleno do Concello tal e coma se especifica nas Bases de execución do Orzamento (Base 14).

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrución 3ª j), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servicios como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación”.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,63 € hora normal e de 7,16 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.488,96€.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, por un importe total de 731,25€.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.488,96€.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 731,25€.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1538).- INFORME DE DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE XUBILACIÓN POR INVALIDEZ PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL DO BOMBEIRO D. MANUEL SÁNCHEZ ALONSO. EXPTE. 16736/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Negociado do Departamento de Persoal, do 26.10.06, conformado pola xefa de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar ó funcionario integrado D. Manuel Sánchez Alonso (nº persoal 8728 e DNI 35925918-X) en situación de xubilación por invalidez permanente no grao de total, na súa categoría profesional do seu posto de bombeiro, de conformidade coa resolución da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social (ditame do EVI), efectos dende o día 31 de outubro do 2006, condicionando a reserva do seu posto de traballo á resolución definitiva de dito organismo, ó abeiro do establecido no artigo 138.1 do Texto refundido da lei xeral da Seguridade Social e Medida 8ª da Lei 24/97 de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social.

28(1539).- UE 7-02 REGUEIRO, CAMBIO DO SISTEMA DE COMPENSACIÓN A CONCERTO E PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4649/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

FEITOS

1.- En data 27/06/2005 o Pleno municipal acordou:

“PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono "UE-I-02-Regueiro", promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán SL.", e redactado polos arquitectos D. Borja Ramilo Méndez e D. José Luis Pereiro Alonso, visado polo COAG no 29/09/2004, con fixación do sistema de execución por compensación. -Expte. 8857/411-. (...).

TERCEIRO: Os propietarios do polígono deberán asumi-lo custe de conservación das zonas verdes. Tamén deberán constituír unha garantía polo 20% do presuposto da urbanización no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización.

Dito Acordo publicouse no DOG 152, do 09/08/2005 e nos BOP de Pontevedra do 16/08/2005 e 06/10/2005.

2.- No 03/01/2006 D. Alfredo Blanco López, en nome e representación da entidade mercantil “Edificio Fontán SL” presentou nesta Administración municipal un escrito no que solicitou a execución do citado polígono polo sistema de concerto (propietario único), así como a substitución do aproveitamento lucrativo municipal polo seu equivalente económico.

No 16/01/2006 D. José Alonso Rodríguez, en representación de “Grupo Espavene SL” interpuxo un escrito na Xerencia de Urbanismo comunicando a súa titularidade sobre unha parcela no devandito polígono (finca rexistral 76.857). Achegou a efectos acreditativos copia de escritura pública outorgada no 15/03/2004 polo notario de Vigo D. José Pedro Riol López co núm. 805 do seu protocolo.

Previa petición do Concello, no 17/01/2006 o Rexistro da Propiedade núm. 5 de Vigo expediu nota informativa sobre a titularidade e descripción da devandita finca rexistral. Mediante oficio do 10/02/2006

comunicáronse a “Edificio Fontán SL” os referidos antecedentes, concedéndoselle un trámite de audiencia polo prazo de 15 días.

No 06/04/2006 o representante de “Edificio Fontán SL” presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo no que manifestou a adquisición da referida finca de “Grupo Espavene SL” mediante Escritura Pública de compravenda outorgada no 23/03/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 682 do seu protocolo. Tamén achegou un exemplar do proxecto de equidistribución para o seu informe polos técnicos municipais con carácter previo á súa formalización e exposición pública.

3.- En data 02/05/2006 remitíuselle un Oficio a “Edificio Fontán SL” no que se lle requiriu a subsanación de certos extremos do proxecto de equidistribución. Tamén se lle comunicou a imposibilidade de substituír nese proxecto o aproveitamento municipal polo seu equivalente económico por imperativo do disposto no art. 177.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

No 31/05/2006 o representante da mercantil “Edificio Fontán SL” presentou nesta Administración municipal dous exemplares do Proxecto de Equidistribución corregido, formalizado en Escritura Pública no 27/05/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 1247 do seu protocolo.

4.- No 09/06/2006 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que entrou outros extremos fixo consta-lo seguinte:

“(…) O proxecto de equidistribución abarca unha superficie de 5.939,00 m², dos cales 672,00 m² son propiedade do Concello e 913,00 m² pertencen a viario existente, sendo o resto da superficie (4.354,00 m²) de propietario único. O ámbito dispon dunha edificabilidade de 6.599,14 m² construídos, cun coeficiente edificable de 1,313 m²/m² a situar nunha parcela de 1.798,00 m². A superficie destinada a cesión de zona verde pública é de 1.684,00 m², a destinada a cesión para equipamento de 374,00 m² e a cesión de viario urbanizado de nova apertura de 1.170,00 m². A edificabilidade correspondente ó Concello polas propiedades existentes no ámbito é de 882,34 m² construídos e pola cesión do 10% do aproveitamento é de 571,68 m² construídos e emprázase na única parcela en proindiviso con outro propietario. En canto a existencia no ámbito de locais de negocios e vivendas, figura na memoria presentada a valoración dos dereitos de arrendamento de todas e cada unha.”

En data 12/06/2006 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento emitiu un Informe ao respecto.

5.- No 19/06/2006 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto no polígono de referencia, así como expoñer ao público o proxecto de equidistribución polo prazo de 20 días, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 129, do 06/07/2006 e notificación individualizada aos interesados.

Durante dito período interpuxéronse dous escritos de alegacións, subscritos respectivamente por D^a Concepción Besada Giráldez (09/08/2006) e D. José Justo Hidalgo (11/08/2006). Déuselle traslado dunha copia dos mesmos á entidade mercantil “Edificio Fontán SL”, que procedeu a respostalos mediante outro escrito presentado na Xerencia de Urbanismo no 29/09/2006.

No 11/10/2006 o arquitecto técnico municipal da oficina de Planeamento emitiu Informe sobre as devanditas alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nos arts. 150 e ss. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "de concerto". Por outra banda, suprimíuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo

dicir que coa nova lexislación, a aprobación dun Proxecto de Compensación parece esixir a previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).

Neste suposto, dada a situación dominical das fincas preexistentes resulta axeitada e incluso recomendable o cambio de sistema, de compensación a concerto, considerándose á pertenza das fincas iniciais a un único propietario. Elo permite aproba-lo proxecto de equidistribución do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

II.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA. Do mesmo xeito, a tramitación do Proxecto de Equidistribución establécese no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

III.- Acumulouse o procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, de conformidade co disposto art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC), abríndose un único trámite de información pública común para ámbolosdous.

IV.- No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, non pode ser estimada, de conformidade co disposto no art. 177.2 LOUGA, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, no que se preceptúa que:

"O alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizárase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas (...)"

V.- Por outra banda, en cumprimento do disposto no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 recóllese no proxecto de equidistribución, como carga real, a obriga de conservación das novas zonas verdes do polígono polos propietarios do aproveitamento lucrativo.

VI.- No referente aos escritos de alegacións formulados durante o trámite de información pública, cumpre sinala-lo seguinte:

VI.1.- Alegación de D^a Concepción Besada Giráldez (09/08/2006, doc. 60086398).

Obxecto: Refírese á parcela inicial núm. 5, sita na r/ Regueiro núm. 19 (antes núm. 24), na que rexenta un restaurante a título de arrendataria.

No Proxecto de Equidistribución valórase a indemnización correspondente á extinción dese arrendamento nun total de 79.198,56 €, incluído premio de afección. A alegante reclama unha indemnización de 218.935,51 €, motivada nun Informe pericial de valoración redactado polo Arquitecto técnico D. Javier Garabatos Rodríguez e visado polo Colexio de Aparelladores no 08/08/2006.

Informe: O arquitecto técnico municipal sinalou a este respecto no seu Informe do 11/10/2006 antes citado que: "(...)Ademais das razóns expostas na contestación da alegación polo promotor do proxecto de equidistribución, esta oficina técnica informa: No proxecto de equidistribución, figura o cálculo de indemnización polo desaloxo do local. No citado cálculo figura a indemnización calculada pola diferenza da renda futura e a renda actual, así como uns gastos de traslado, non tendo xustificación para a indemnización o feito que o contrato sexa indefinido ou a posibilidade de realizar obras. En canto ós dereitos de retorno,

están referidos exclusivamente para supostos de inmuebles de residencia habitual non sendo extensible a locais comerciais. En canto á renda actual para locais de similares características o valor exposto polo alegante contradixese cos valores obtidos de locais para alugueiro no entorno entre a Vía da Hispanidade e rúas Zamora, Barcelona, situándose entre un mínimo de 4,68 e un máximo de 6,00 €/m²/mes, lonxe dos 12,00 €/m²/mes alegados.

En canto as cantidades a ter en conta para o cálculo do alugamento, estas deben referirse sempre ó alugamento actualizado ou Ra, sendo os prezos da indemnización e a xuízo do técnico que subscribe acordos coa lexislación aplicable. En canto ó informe técnico presentado polo alegante non se xustifica os custes de acondicionamento do novo local. (...).”

A entidade mercantil promotora da actuación rexeitou a alegación no seu escrito do 29/09/2006 citado. Nél, sen prexuízo de defender e xustificar a corrección do método de valoración utilizado no proxecto de equidistribución, aceptou incrementar parcialmente a indemnización ata a cantidade de 128.447,55 €, incluído o 5% de premio de afección, a fin de evitar futuros litixios e de conformidade cun Informe pericial da entidade “TecniTasa” asinado polo arquitecto D. Francisco Álvarez Pérez no 25/09/2006.

Proposta: Estimar parcialmente a alegación, no senso de recoñecer no Proxecto de Equidistribución unha indemnización total de 128.447,55 € pola extinción do arrendamento do local existente na parcela inicial núm. 5, sita na r/ Regueiro núm. 19 (antes núm. 24), incluído premio de afección.

VI.2.- Alegación de D. José Justo Hidalgo (11/08/2006, doc. 60087256).

Obxecto: Refírese á parcela inicial núm. 2 (casa núm. 28) sita na r/ Regueiro núm. 11, na que rexenta un restaurante a título de arrendatario.

No Proxecto de Equidistribución valórase a indemnización correspondente á extinción dese arrendamento nun total de 60.608,52 €, incluído premio de afección. O alegante reclama unha indemnización de 718.233,82 €, motivada nun Informe pericial de valoración redactado polo Arquitecto D. Arsenio Piñeiro Santos en data 09/08/2006.

Informe: O arquitecto técnico municipal sinalou a este respecto no seu Informe do 11/10/2006 antes citado que: “(...) No proxecto de equidistribución, figura o cálculo de indemnización polo desaloxo do local. No citado cálculo figura a indemnización calculada pola diferenza da renda futura e a renda actual, así como uns gastos de traslado, non tendo xustificación outros gastos tales como estudos de localización, publicidade, perda de beneficios, etc. En canto ós dereitos de retorno, están referidos exclusivamente para supostos de inmuebles de residencia habitual non sendo extensible a locais comerciais. En canto á renda actual para locais de similares características o valor exposto polo alegante contradixese cos valores obtidos de locais para alugueiro no entorno entre a Vía da Hispanidade e rúas Zamora, Barcelona, situándose entre un mínimo de 4,68 e un máximo de 6,00 €/m²/mes, lonxe dos 12,00 €/m²/mes alegados. En canto as cantidades a ter en conta para o cálculo do alugamento, éstas deben referirse sempre ó alugamento actualizado ou “Ra”, sendo os prezos da indemnización e a xuízo do técnico que subscribe acordos coa lexislación aplicable. En canto á indemnización por alugueiro dun local no nº 7 da rúa Regueiro, na escritura de compravenda nº 1636 de 21 de novembro de 2005 figura que a propiedade esta libre de cargas, gravames, arrendatarios e de toda clase de ocupantes (...)”.

A entidade mercantil promotora da actuación rexeitou a alegación no seu escrito do 29/09/2006 citado. Nél, sen prexuízo de defender e xustificar a corrección do método de valoración utilizado no proxecto de equidistribución, aceptou incrementar parcialmente a indemnización ata a cantidade de 153.880,47 €, incluído o 5% de premio de afección, a fin de evitar futuros litixios e de conformidade cun Informe pericial da entidade “TecniTasa” asinado polo arquitecto D. Francisco Álvarez Pérez no 25/09/2006.

Proposta: Estimar parcialmente a alegación, no senso de recoñecer no Proxecto de Equidistribución unha indemnización total de 153.880,47 € pola extinción do arrendamento do local existente na parcela inicial núm. 2 (casa núm. 28), sita na r/ Regueiro 11, incluído premio de afección.

VII.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono UE I-02 Regueiro (expte. 4649/401).

SEGUNDO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas durante o trámite de información pública por D^a Concepción Besada Giráldez (doc. 60086398) e D. José Justo Hidalgo (doc. 60087256), no senso e polos motivos sinalados no Fundamento Xurídico “VI” da parte expositiva deste Acordo.

TERCEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/05/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 1247 do seu protocolo, promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán SL", redactado polo avogado D. Fco. Javier García Martínez e o arquitecto D. Borja Ramilo Méndez, co único matiz de que nas parcelas iniciais “5” e “2” as indemnizacións pola extinción de arrendamentos ascenderán, respectivamente, a 128.447,55 € e 153.880,47 € incluído premio de afección.

CUARTO: Desestimar a solicitude formulada por “Edificio Fontán SL” de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico municipal, polos motivos sinalados no Fundamento Xurídico “IV” da parte expositiva deste Acordo.

QUINTO: No momento da recepción das obras de urbanización do polígono os propietarios de aproveitamento lucrativo constituiranse en entidade urbanística de conservación.

SEXTO: O promotor da actuación deberá inscribir o Proxecto de Equidistribución no Rexistro da Propiedade, remitíndolle a esta Administración a referencia rexistral das fincas adjudicadas ao Concello. Deberá tamén pagar ou consignar-las indemnizacións que procedan no prazo de seis meses.

SÉPTIMO: Notifíqueselle este Acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén á oficina municipal de Patrimonio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(1540).- CESAMENTO DO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 16748/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 26.10.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En orde do servizo de data 26/10/2006 a Alcaldía dictou orde do servizo na cal se insta á Unidade de Persoal á elaboración do correspondente proposta de cesamento do Titular da Asesoría Xurídica, don Ubaldo Rivas Romero.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción da da pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, regula a figura do Titular da Asesoría Xurídica Municipal para os municipios suxeitos ao réxime de grande poboación, consignándose no mesmo que sen prexuízo das funcións reservadas ao Secretario Xeral do Pleno polo parágrafo e) do apartado 5 do artigo 122 da propia Lei, existirá un órgano administrativo responsable da asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da representación e defensa en xuízo do Concello, sen prexuízo do disposto no apartado segundo do artigo 447 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

O mesmo precepto consigna expresamente que o seu titular será nomeado e separado pola Xunta de Goberno Local, entre persoas que reúnan os requisitos seguintes:

- Estar en posesión do título de Licenciado en Dereito.
- Ostentar a condición de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

II. En consecuencia, e toda vez que parece desprenderse da vontade do lexislador a atribución á Xunta de Goberno Local dunha potestade discrecional de separación do titular da Asesoría Xurídica Municipal, dada a condición de órgano directivo do mesmo ex artigo 130.1.B) d) da Lei 7/1985, e vistas as competencias que o artigo 127.1.i) da mesma norma outorga ao sinalado órgano colexiado, sométese ao seu criterio a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Ordenar, no uso da potestade outorgada polo artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o cesamento do actual Titular da Asesoría Xurídica Municipal, don Ubaldo Rivas Romero, con DNI 33.258.911-Z e nº de persoal 79.674.

Segundo.- Notifíquese o presente ao interesado, Xefatura de Réxime Interior, Xefatura da Unidade de Persoal, Organización e Métodos e á Intervención Xeral e Tesoureiría Municipais aos oportunos efectos, significándolles que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1541).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 16749/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da proposta, de data 30.10.06, que somete a Alcaldía-Presidenta á Xunta de Goberno local ao obxecto de dar cobertura ao cargo institucional do titular da Asesoría Xurídica, que di como se transcribe de seguido:

De conformidade co disposto nos artigos 129 e 130 da Lei de Bases de Réxime Local introducidos pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, onde se contempla a preceptiva creación do órgano superior da administración municipal, denominado titular da Asesoría Xurídica; e toda vez que dito cargo quedou vacante por ter sido cesado o anterior titular don Ubaldo Rivas Romero.

Considerando o carácter institucional que a propia lei lle reserva ao Titular da Asesoría Xurídica Municipal, cuido nomeamento ten carácter de designación directa en función a lexítima relación de confianza que lle vincula ao Goberno Municipal, esta Alcaldía-Presidencia no exercicio das facultades atribuídas polo artigo 124 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, somete a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“Nomear Titular da Asesoría Xurídica Municipal ao funcionario de carreira da Administración Autonómica da Xunta de Galicia a don Pablo Figueroa Dorrego.

A toma de posesión no cargo realizarase previa acreditación dos requisitos necesarios, previstos no artigo 129.2 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa devandita proposta acorda:

1º.-Nomear Titular da Asesoría Xurídica Municipal ao funcionario de carreira da Administración Autonómica da Xunta de Galicia a don Pablo Figueroa Dorrego.

2º.- A toma de posesión no cargo realizarase previa acreditación dos requisitos necesarios, previstos no artigo 129.2 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

31(1542).- CONTRATACIÓN TEMPORAL DUNHA ORDENANZA-PORTEIRA PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 16743/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 27.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 23 de outubro ppdo., adoptou acordo relativo á contratación de 6 ordenanzas porteiras, por acumulación de tarefas, polo período de tres meses.

Unha das aspirantes propostas, D^a M^a Inmaculada Rodríguez Calvo, a pesares de ter aceptado expresamente a contratación, renunciou por motivos de mellora laboral, polo que procede a contratación da seguinte aspirante que tiña superado as probas selectivas como subalterno na OEP do ano 2002, pero que no obtivo praza, resultando ser D^a María Luz Traveso Teijeiro, que aceptou a proposta.

Segundo informe da Intervención Xeral, emitido en data 23 de outubro actual con motivo do expediente 16730/220, da contratación antes exposta e da se achega copia, existe consignación orzamentaria para facer fronte ó presente compromiso.

Polo exposto e de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte proposta:

“Primeiro.- Contratar a D^a María Luz Traveso Teijeiro, NIF 34.980.275-N, como ordenanza-porteiro, que aceptou expresamente unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción, por acumulación de tarefas.

O período de contratación será de tres meses a iniciar o día 6 de novembro de 2006, en xornada de traballo de mañá ou tarde, indistintamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, regulado polo RD lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro.

Segundo.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato á candidata proposta.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1543).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA TERRAZA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO BERBÉS”. EXPTE. 11856/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 26.10.06, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 7 de novembro de 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a execución das obras de reparación e acondicionamento da cuberta e fachadas do pavillón polideportivo do Berbés, expediente 44.515/250, por un importe de 600.000,00 € (IVE engadido).

Con data 13 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar as citadas obras á empresa UTE Gaos Contratas y Construcciones S.L. -Comosan Construcción S.a. por un importe de 525.408,72 €

(IVE engadido) e un prazo de execución de 6 meses a contar dende o día seguinte o da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo.

Con data. 3 de abril de 2006, asínase a “Acta de Comprobación do Replanteo” das obras, comenzándose éstas a continuación.

Con data 9 de outubro, a empresa adxudicataria das obras solicita a concesión dunha ampliación de dous meses no prazo de execución de ditas obras.

Dado que durante a execución das obras producíronse unha serie de modificacións acordadas coa dirección de obra, e que algunha delas está pendente de executar según se indica no escrito que se achega. E polo que se considera que procede atender ao solicitado.

Por todo o anteriormente exposto, faise a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Autorizar a ampliación no prazo de execución das obras de “Mellora da terraza do pavillón polideportivo do Berbés”, por un período de dous meses, de tal xeito que o novo prazo de execución finaliza o vindeiro 30 de decembro de 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1544).- DENUNCIA DO CONTRATO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15474/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.10.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno, en sesión de 17 de febreiro de 2003, acordou adxudicar a Aón Gil y Carvajal, S.A., o concurso para a selección dunha correduría aseguradora para a realización dun convenio para a mediación e asesoramento de seguros privados do Concello de Vigo. Todo iso de acordo co Prego de Condicións aprobados o 2 de decembro de 2002, e a oferta presentada.

Na cláusula III das bases que rexeron a contratación, establecíase que o prazo contractual tería unha duración de dous anos, podendo prorrogar por períodos de dous anos, ata un máximo de dúas prorrogas, salvo denuncia expresa de calquera das partes, o vencemento do prazo fixo ou de cada unha das súas prorrogas.

A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2005, adoptou o acordo de prorrogar conforma o previsto na cláusula III das bases que rexeron o concurso, o contrato de mediación e asesoramento de seguros privados do Concello de Vigo, polo prazo comprendido entre o 1 de marzo de 2006 e 28 de febreiro de 2007.

Sendo de interes para esta administración a denuncia da presente contratación, e atopandose en prazo para efectuala, catro meses antes do vencemento da prorroga, polo que esta debese efectuar antes do 31 de outubro, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

Denunciar o contrato de mediación de seguros privados do Concello de Vigo, adxudicacado por acordo da Xunta Local de Goberno de 17 de febreiro de 2003 a Correduría aseguradora, aón Gil Y Carvajal, polo que o contrato darase por finalizado o 28 de febreiro de 2007.

Que polo servizo de Patrimonio e Contratación se inicien los trámites para a contratación, mediante concurso, dun novo contrato para a mediación e asesoramento de seguros privados do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1545).- CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS NO EDIFICIO CAMBÓN. EXPTE. 2189/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 27.10.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 13-03-2006 acordou o arquivo do expediente para a contratación da execución das obras no edificio Cambón para cambio de uso do edificio (Expte 2189-101) a causa do inicio do expediente para a cesión do edificio con destino a sede do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Unha vez que por dito Padroado se manifestou que non se considera idóneo o edificio para a súa sede, a Alcaldesa-Presidente da Corporación ordena o reinicio do expediente de contratación das obras no edificio Cambón.

Cando foi acordado o arquivo do expediente este se atopaba xa nun avanzado estado de tramitación, xa fora aprobado o gasto, o proxecto e os pregos de contratación que rexen a contratación, foi tamén licitado e se presentaron dúas ofertas, Oreco, S.A. e Winterra, S.A.. Ditas ofertas non se chegaran a abrir no seu día.

As dúas empresas licitadoras manifestan a súa conformidade coa continuidade do procedemento e se comprometen a manter os termos da súa oferta mediante documentos que constan no expediente.

Co fin de non repetir unha tramitación xa realizada proponse que a Xunta de Goberno conserve as actuacións practicadas ata o momento no expediente de contratación da execución das obras no edificio Cambón para cambio de uso do edificio (Expte 2189-101) e se retome a tramitación do mesmo coa apertura de documentación administrativa e a oferta económica.

A vista das anteriores circunstancias, proponse, á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Continuar coa tramitación do expediente de contratación da execución das obras no edificio Cambón para cambio de uso do edificio (Expte 2189-101), conservando tódalas actuacións practicadas ata o momento de acordar o seu arquivo (acordo da Xunta de Goberno Local de 13-03-2006).

2º.- Remitir o expediente á Mesa de Contratación para que proceda a verificación da documentación administrativa presentada polos dous licitadores, e se procede, abrir a oferta económica e formular proposta de adxudicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1546).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dúas horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.